

CATÁLOGO

INSTALACIÓN DE TALLERES DE REPARACIÓN DE VEHÍCULOS AUTOMÓBILES

EDITA

XUNTA

DE GALICIA

Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

ELABORA

Vicesecretaría Xeral de Apoio á Empresa

DESEÑO/MAQUETACIÓN

cristinazzdesign

ANO DE EDICIÓN

2021

TALLERES DE REPARACIÓN DE VEHÍCULOS AUTOMÓBILES

Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

Secretaría Xeral Técnica

Vicesecretaría Xeral de Apoio á Empresa

ÍNDICE

- PAX. 07 1. Introducción
- PAX. 08 Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia
- PAX. 08 Catálogos
- PAX. 09 Talleres de reparación de vehículos de automóviles. Conceptos
- PAX. 11 Esquema do proceso

- PAX. 13 2. Trámites para a posta en marcha dun taller de reparación de vehículos automóviles e dos seus equipamentos e compoñentes. Resumo do proceso

- PAX. 15 3. Trámites urbanísticos previos
- PAX. 17 3.1 Réxime xurídico xeral do solo rústico
- PAX. 17 3.2. Réxime específico nas edificacións tradicionais existentes no solo rústico e no solo de núcleo rural
- PAX. 17 3.3. Réxime específico nas edificacións executadas no solo rústico con licenza urbanística.
- PAG. 18 3.4. Informes ou autorizacións sectoriais

- PAX. 19 4. Inscripción no rexistro de talleres de reparación de vehículos automóviles mediante a presentación de declaración responsable
- PAX. 21 4.1. Actuacións previas
- PAX. 25 4.2 Tramitación específica como taller de reparación de vehículos automóviles
- PAX. 26 4.3 Inscripción no rexistro de residuos
- PAX. 26 4.4 Asignación do número de autorización
- PAX. 27 4.5 Procedemento de comprobación da declaración responsable/documentación e requisitos técnicos
- PAX. 29 4.6 Placa distintiva
- PAX. 30 4.7 Placa informativa

- PAX. 31 5. Tramitación municipal

- PAX. 43 6. Anexo

1. INTRODUCCIÓN

LEI DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DE APOIO Á REACTIVACIÓN ECONÓMICA DE GALICIA

O Parlamento de Galicia aprobou recentemente a **Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia**.

Esta lei ten por **obxecto** establecer as medidas necesarias para facilitar a reactivación da actividade económica tras a crise xerada polas consecuencias da pandemia da Covid-19, no marco das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, desde unha perspectiva de **simplificación administrativa que favoreza a implantación e o funcionamento das iniciativas empresariais en Galicia**.

O título II da lei regula os sistemas de apoio administrativo á implantación de iniciativas empresariais, e divídese en tres capítulos. O capítulo I crea o **Sistema de Atención ao Investimento**, como unha figura clave para dar resposta á demanda clásica da cidadanía en xeral, e dos colectivos vinculados á empresa en particular, sobre as dificultades existentes para obter a información e a orientación que precisan para poñer en marcha as súas iniciativas empresariais, a través dun servizo de acompañamento e información que lles **ofrece a posibilidade de realizar a tramitación administrativa autonómica e mesmo tamén a local nos supostos de adhesión dos concellos a este**.

CATÁLOGOS

Como medida de apoio á implantación das iniciativas empresariais, destaca no capítulo I a referencia á creación dunha serie de **catálogos** aprobados polo Consello da Xunta de Galicia. No punto 1 do artigo 14 especificase que, a través do Sistema de Atención ao Investimento, se poderá acceder de maneira gratuíta aos "catálogos en que se **recollan de forma clara e por orde cronolóxica todos os trámites administrativos exixibles e as actuacións necesarias para a implantación das iniciativas empresariais, incluídos os de competencia municipal dos concellos adheridos ao Sistema de Atención ao Investimento**".

Estas figuras, que deberán actualizarse permanentemente, supoñen unha gran simplificación para as empresas e, en particular, para as persoas emprendedoras, que poderán consultar os trámites que lles serán exixidos pola Administración autonómica, o que supón facilitar a comprensión, a planificación e a tramitación da parte administrativa.

TALLERES DE REPARACIÓN DE VEHÍCULOS AUTOMÓBILES. CONCEPTOS

Baseándose no indicado no texto desta lei, cada un dos catálogos deberá recoller os trámites necesarios para a determinación das iniciativas empresariais.

En concreto, o **obxecto deste documento sería a actividade industrial e a prestación de servizos dos talleres de reparación de vehículos automóbiles e dos seus equipamentos e compoñentes, como únicos axentes de prestación de servizos con capacidade para mantelos e reparalos**, reguladas polo Decreto 70/2011, do 7 de abril.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten a competencia para regular a prestación de servizos dos talleres de reparación de vehículos automóbiles, así como dos seus equipamentos e compoñentes, fundamentada no artigo 30.2 do Estatuto de autonomía de Galicia, que lle atribúe a Galicia competencia exclusiva en materia de industria, polo que a regulación de todas as actividades será de competencia autonómica.

Para os efectos deste catálogo, **enténdense por vehículo automóbil** todo vehículo de motor que serve, normalmente, para o transporte de persoas ou cousas, ou de ambas asemade, ou para a tracción doutros vehículos con aquel fin. Tamén se inclúen os remolques (vehículos non autopropulsados deseñados e concibidos para seren remolcados por un vehículo de motor), os vehículos especiais (vehículo, autopropulsado ou remolcado, concibido e construído para realizar obras ou servizos determinados) e vehículos da categoría L, que serían os ciclomotores, motocicletas, vehículos todo terreo (quads) e outros vehículos de pouca cilindrada de tres ou catro rodas.

Consideraranse talleres de reparación de vehículos e dos seus equipamentos e compoñentes aqueles establecementos industriais en que se efectúen operacións encamiñadas á restitución das condicións normais do estado e funcionamento de vehículos automóbiles ou de equipamentos e compoñentes destes en que se poñan de manifesto alteracións nas ditas condicións con posterioridade ao remate da súa fabricación.

Por extensión, esta normativa afectará tamén a actividade complementaria de instalación de accesorios en vehículos automóbiles con posterioridade ao remate da súa fabricación e que sexan compatibles coas regulamentacións vixentes en materia de seguridade, sanidade e consumo.

Os talleres de reparación de vehículos automóbiles **clasifícanse en:**

1. POLA SÚA RELACIÓN COS FABRICANTES DE VEHÍCULOS, DE EQUIPAMENTOS E COMPOÑENTES:

A) TALLER AUTORIZADO

Presta servizos de reparación e mantemento operando nun sistema de distribución establecido por unha persoa fabricante ou representante de vehículos de motor ou de equipamentos e compoñentes.

B) TALLER AUTORIZADO INDEPENDENTE

Presta servizos de reparación e mantemento autorizado por unha persoa fabricante ou representante de vehículos de motor ou de equipamentos e compoñentes sen pertencer ao seu sistema de distribución.

C) TALLER INDEPENDENTE

Presta servizos de reparación e mantemento sen pertencer a un sistema de distribución dunha persoa fabricante ou representante proveedor de vehículos de motor.

D) TALLERES DE SERVICIO PROPIO

Os que dedican a súa actividade á reparación exclusiva dos vehículos da propia empresa.

2. POLA SÚA RAMA DE ACTIVIDADE:

A) DE MECÁNICA

Son os que realizan traballos de reparación ou substitución no sistema mecánico do vehículo, incluídas as súas estruturas portantes, equipamentos e elementos auxiliares, excepto o equipamento eléctrico e electrónico.

B) DE ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA

Son os que realizan traballos de reparación ou substitución do equipamento eléctrico e electrónico do automóbil, tanto básico do equipamento motor como os auxiliares das luces, sinalización, acondicionamento e instrumental de indicación e control.

C) DE CARROZARÍAS

Son os que realizan traballos de reparación ou substitución nos elementos da carrozaría, gornición e acondicionamento interior e exterior deles.

D) DE PINTURA

Son os que realizan traballos de pintura, revestimento e acabado de carrozarías.

3. POLAS SÚAS PARTICULARES CARACTERÍSTICAS OU FUNCIÓNS:

A) TALLERES DE REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DA CATEGORÍA L

Nesta categoría inclúense os ciclomotores e as motocicletas, así como os vehículos todo terreo (quads) e outros vehículos de pouca cilindrada de tres ou catro rodas.

B) TALLERES DE VEHÍCULOS AGRÍCOLAS E DE OBRAS

Son os que realizan traballos de instalación, reparación ou substitución en tractores e vehículos agrícolas ou de obras.

4. POLO SEU CAMPO PARCIAL DE ACTIVIDADE:

Son os especializados en realizar traballos limitados a actividades de instalación, reparación ou substitución sobre determinadas partes, equipamentos ou sistemas do vehículo.

A) PNEUMÁTICOS

B) RADIADORES

C) EQUIPAMENTOS DE INXECCIÓN

D) CRISTAIS E PARABRISAS


E) DISPOSITIVOS DE REMOLCAR, ATA UN PESO MÁXIMO DE 3.500 KG

F) TACÓGRAFOS

G) LIMITADORES DE VELOCIDADE

H) AIRE ACONDICIONADO E CLIMATIZACIÓN

I) AUTORRADIOS E EQUIPAMENTOS DE COMUNICACIÓN



2. TRÁMITES PARA A POSTA EN MARCHA DUN TALLER DE REPARACIÓN DE VEHÍCULOS AUTOMÓBILES E DOS SEUS EQUIPAMENTOS E COMPONENTES.

RESUMO DO PROCESO

O que se pretende con este catálogo é que as persoas interesadas en poñer en marcha a **actividade industrial e a prestación de servizos dos talleres de reparación de vehículos automóbiles e dos seus equipamentos e compoñentes** (descrita no apartado anterior) teñan unha **guía clara e cronolóxica de todos os trámites e actuacións necesarias para a súa posta en marcha**. Quedarían fóra do ámbito deste catálogo todos os trámites relativos á constitución e posta en marcha da empresa e á contratación de persoal, os vinculados á súa actividade ordinaria (tributación, Seguridade Social...), así como os relativos ao ámbito da prevención de riscos laborais.

A intención deste resumo é proporcionarlle á persoa promotora unha visión sinxela e global do conxunto do procedemento, que se desagregará ao longo do documento. Nos seguintes apartados inclúese unha relación detallada dos contidos e requisitos dos distintos trámites, facendo referencia en cada caso aos artigos concretos das normas legais reguladoras destes.

O inicio da actividade de servizos está liberalizada, co cal, para poder empezar a prestación de servizos, só será necesario que a persoa física ou xurídica solicite, a través dos procedementos habilitados para tal fin na sede electrónica da Xunta de Galicia, a inscrición do establecemento do taller, mediante a presentación dunha declaración responsable, e das instalacións deste sometidas a lexislación específica de seguridade industrial, mediante unha comunicación.

PARA SOLICITAR A INSCRICIÓN DO ESTABLECIMENTO DO TALLER, A PERSOA TITULAR DEBERÁ PRESENTAR UNHA DECLARACIÓN RESPONSABLE NA QUE SE INDIQUE:

- a) O número dos rexistros das instalacións do establecemento suxeitas a regulamentos de seguridade industrial.
- b) Que cumpre cos requisitos que se exixen na normativa reguladora.
- c) Que dispón da documentación que así o acredita.
- d) Que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade.
- e) Que se responsabiliza de que a execución dos traballos se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establecen na normativa de aplicación.

Unha vez realizados estes trámites, poderá prestar servizos desde o taller de reparación de vehículos automóbiles, dos seus equipamentos e compoñentes de forma indefinida, sempre e cando non cambien as condicións indicadas na declaración responsable.

Tratarase tamén no catálogo o procedemento para o inicio da actividade no ámbito do concello onde radique o establecemento industrial.

A liberalización do inicio de actividade de prestación de servizos non exime as persoas titulares do taller de cumprir a lexislación de aplicación ao establecemento industrial e ás instalacións desta sometidas a lexislación específica de seguridade industrial, lexislación que obriga a inscribir as ditas instalacións en rexistros creados ao abeiro da citada lexislación.

Ademais, deberán cumprir unha serie de requisitos técnicos/as que estarán dispoñibles para ser comprobados polas autoridades competentes, así como dispoñer dunha persoa responsable técnica no cadro de persoal coa preparación e idoneidade exixida pola norma. Dada a súa importancia, relacionaranse tamén no catálogo de forma desagregada.

O incumprimento destes requisitos comportará unha sanción e o cesamento automático da prestación, logo da apertura do correspondente procedemento.

3. TRÁMITES URBANÍSTICOS PREVIOS

O primeiro paso que debe dar a persoa promotora para a implantación deste tipo de actividade é comprobar o **réxime urbanístico que resulta de aplicación na parcela ou edificación na que pretende a implantación da dita actividade.**

Así, de conformidade co disposto no artigo 87.2.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

“Toda persoa ten dereito a que o concello correspondente a informe por escrito sobre o réxime e condicións urbanísticas aplicables a un terreo concreto ou ao sector, polígono ou ámbito de planeamento no que se atope incluído.

Esta información deberá facilitarse nun prazo que non poderá exceder de 2 meses dende a presentación da solicitude no rexistro municipal.”

En función da localización concreta da actividade e da clasificación urbanística do solo segundo o planeamento urbanístico aplicable e a normativa urbanística vixente, resultarán diferentes exixencias, de aí que esa información deba ser facilitada polo concello respectivo, con carácter previo á realización de ningún outro trámite, aos efectos de **determinar a viabilidade urbanística da actuación.**

3.1 RÉXIME XURÍDICO XERAL DO SOLO RÚSTICO

O artigo 35.1 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*, e 50.1 do *Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve*, contempla entre os **usos admisibles no solo rústico os talleres agrícolas e os relacionados coa xestión forestal**:

A) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, **talleres**, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros.

B) Construcións e instalacións forestais destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así como as de defensa forestal, **talleres**, garaxes e parques de maquinaria forestal.

A implantación dos referidos talleres, no marco das exigencias contempladas na normativa urbanística vixente para o solo rústico, son admisibles previa obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística.

Nos terreos clasificados como solo rústico de especial protección, deberán solicitarse a autorización ou informe favorable do órgano que ostente a competencia sectorial correspondente, con carácter previo á obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística.

3.2 RÉXIME ESPECÍFICO NAS EDIFICACIÓNS TRADICIONAIS EXISTENTES NO SOLO RÚSTICO E NO SOLO DE NÚCLEO RURAL

O artigo 40 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*, e 63 do *Decreto 143/2016, do 22 de setembro*, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento, permiten implantar pequenos talleres nas edificacións tradicionais existentes en calquera categoría de solo de núcleo rural ou de solo rústico antes do 25 de maio do 1975 (entrada en vigor da *Lei 19/1975, do 2 de maio, de reforma sobre o réxime do solo e ordenación urbana*).

En canto ás obras posibles, permitirase, sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos aplicables agás o límite de altura, a súa reforma, rehabilitación e reconstrución e a súa ampliación, mesmo en volume independente ata o 50 % do volume orixinario da edificación tradicional, debendo obterse o preceptivo título habilitante municipal de natureza urbanística.

En todo caso, no solo rústico de especial protección, será preciso obter a autorización ou o informe sectorial favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente.

3.3 RÉXIME ESPECÍFICO NAS EDIFICACIÓNS EXECUTADAS NO SOLO RÚSTICO CON LICENZA URBANÍSTICA

A disposición transitoria terceira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*, permite implantar **pequenos talleres nas construcións executadas no solo rústico ao abeiro da licenza** urbanística, e poderán executarse

previa licenza municipal, obras de mellora e reforma e de ampliación da superficie edificada licitamente, cumprindo os seguintes requisitos:

1. Cando se trate de terreos incluídos no solo rústico de especial protección, deberá obterse a **autorización ou informe favorable do órgano coa competencia sectorial** correspondente, segundo o indicado no seguinte apartado deste catálogo.
2. Deberán **cumprirse as condicións de edificación** previstas no artigo 39 da *Lei 2/2016, do 10 febreiro*, e no correspondente planeamento urbanístico.
3. Deberán adoptarse as **medidas correctoras necesarias** para minimizar a incidencia sobre o territorio e a mellor protección da paisaxe.

3.4. INFORMES OU AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS

A información sobre as afeccións sectoriais que resultan aplicables a unha parcela pode consultarse por calquera interesado no **Plan Básico Autonómico de Galicia**, que constitúe unha ferramenta dinámica que resulta indispensable para plasmar sobre o territorio a complexa realidade da normativa sectorial e que permite á cidadanía dispoñer de toda a información relevante dende o punto de vista territorial, actualizada e de acceso universal, en todo o ámbito da nosa Comunidade Autónoma. O visor do Plan Básico Autonómico de Galicia pode consultarse a través da seguinte ligazón:

<http://mapas.xunta.gal/visores/pba/>

4. INSCRICIÓN NO REXISTRO DE TALLERES DE
REPARACIÓN DE VEHÍCULOS AUTOMÓBILES
MEDIANTE A PRESENTACIÓN DE DECLARACIÓN
RESPONSABLE

A apertura dos talleres de reparación de vehículos automóbiles non está sometida a autorización previa, pero a persoa titular do taller debe realizar unha serie de actuacións antes de poder proceder ao inicio da actividade reguladas polo Decreto 70/2011, do 7 de abril, polo que se regulan a actividade industrial e a prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles e dos seus equipamentos e compoñentes.

Estas actuacións consisten na inscrición no rexistro de talleres de reparacións de vehículos automóbiles de Galicia mediante a presentación dunha declaración responsable sobre distintos aspectos indicados pola norma e, previamente a esta, a inscrición das instalacións deste no rexistro correspondente.

A inscrición no rexistro de talleres de reparación de vehículos automóbiles de Galicia habilita para a prestación de servizos do taller por tempo indefinido desde a súa presentación, sempre e cando non cambien as condicións indicadas na declaración responsable, de aí a importancia desta.

A prol da simplificación administrativa, a Administración autonómica pon á disposición dos cidadáns e das cidadás un procedemento normalizado (IN609Y) na sede electrónica da Xunta de Galicia no que se pode levar a cabo a inscrición no rexistro do taller de reparación de automóbiles, así como o pagamento da taxa de presentación de declaración responsable de inicio de actividade.

De xeito previo a esta declaración, o Decreto 70/2011, do 7 de abril, exige a inscrición das instalacións destes sometidas a lexislación específica de seguridade industrial nos rexistros pertinentes. As instalacións máis habituais susceptibles de rexistro son as de baixa tensión, contra incendios e aparatos a presión (aire comprimido), aínda que poden existir outras como: almacenamento de produtos petrolíferos para consumo na propia instalación, almacenamento de produtos petrolíferos para subministración a vehículos propios, etc. Todas elas contan con procedementos normalizados na sede electrónica da Xunta.

A continuación figuran fichas explicativas que amplían a información das actuacións mencionadas anteriormente. En primeiro lugar figuran as actuacións previas, correspondentes ás instalacións que se deben rexistrar antes da declaración responsable, xa que algúns dos datos que se exigen para poder facer esta declaración se obteñen logo da inscrición nos rexistros pertinentes das citadas instalacións. Recóllese tamén información sobre as taxas correspondentes.

4.1 ACTUACIÓNS PREVIAS

INSCRICIÓN DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DE BAIXA TENSIÓN

IN614C - Rexistro de instalacións eléctricas de baixa tensión

ÓRGANO RESPONSABLE		Xefatura territorial da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
DESCRICIÓN		Antes de proceder á solicitude de inscrición como taller de reparación de vehículos de automóbiles, aqueles locais que teñan instalacións eléctricas ás que lles sexa de aplicación o Regulamento electrotécnico para baixa tensión, antes da súa posta en servizo, deberán rexistrarse na correspondente xefatura territorial da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación facendo uso deste procedemento.
DOCUMENTACIÓN		<ul style="list-style-type: none">• Solicitude (anexo I dispoñible en sede electrónica).• Proxecto e o certificado de dirección de obra asinado polo correspondente técnico/a titulado, no caso de que as características das instalacións se encontren comprendidas nas indicadas no punto terceiro da Instrución técnica complementaria 04, Regulamento electrotécnico para baixa tensión (ITC-BT-04).• Certificado de instalación emitido por instalador/a autorizado (modelo dispoñible en sede electrónica).• Anexo de información á usuaria ou usuario e esbozo de trazado da instalación.• Certificado de inspección inicial con cualificación de resultado favorable emitido por un organismo de control nos casos indicados no apartado 4 da ITC-BT-05. <p>Esta documentación presentarase tamén electronicamente, utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal.</p>
OBRIGATORIO	Si	Procedemento IN614C
PRAZOS	Previo	
TRÁMITE EN LIÑA	Si	https://sede.xunta.es/detalle-procedemento?codCons=IN&codProc=614C&procedemento=IN614C&lang=es
PRESENCIAL	Non	
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none">• Orde do 23 de xullo de 2003 pola que se regula a aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia do Regulamento electrotécnico de baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto.• Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión.

TAXAS DE INSCRICIÓN DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DE BAIXA TENSIÓN

ÓRGANO RESPONSABLE		Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).
---------------------------	--	---

DESCRIPCIÓN

Este procedemento está suxeito ao pagamento das seguintes taxas:

- Inscripción en rexistros oficiais. Primeira inscrición. Modificacións da primeira inscrición.
- Código taxa: 30.02.00.
- Inscripción no rexistro de instalacións eléctricas receptoras (código taxa: 32.19.04).

Pódese consultar o seu importe na seguinte ligazón:

<http://www.atriga.gal/es/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/tarifas-vixentes-de-taxas/anexo-3>.

TRÁMITE EN LIÑA

Si

[https://ovt.atriga.gal/#!/detalle_](https://ovt.atriga.gal/#!/detalle_servizo/?Pago+de+taxas+e+prezos/11609730/4126995/11609860/1.8/item-dark-blue/tab/tab#0)

[servizo/?Pago+de+taxas+e+prezos/11609730/4126995/11609860/1.8/item-dark-blue/tab/tab#0](https://ovt.atriga.gal/#!/detalle_servizo/?Pago+de+taxas+e+prezos/11609730/4126995/11609860/1.8/item-dark-blue/tab/tab#0).

Indicamos a ligazón á páxina de ATRIGA, pero a persoa interesada pode realizar o pagamento destas taxas na sede electrónica como un dos pasos da tramitación en liña do propio procedemento de inscrición.

INSCRIPCIÓN DAS INSTALACIÓNS CONTRA INCENDIOS

IN620A - Rexistro de instalacións contra incendios

ÓRGANO RESPONSABLE

Xefatura territorial da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

DESCRIPCIÓN

Antes de proceder á solicitude de inscrición como taller de reparación de vehículos de automóbiles, aqueles locais que teñan instalacións ás que lles sexa de aplicación o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais, antes da súa posta en servizo, deberán rexistrarse na correspondente xefatura territorial da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, facendo uso deste procedemento.

DOCUMENTACIÓN

- Instalacións que requiren a presentación do proxecto:
 - a) Solicitude normalizada (modelo dispoñible en sede electrónica).
 - b) CIF/NIF da persoa titular da instalación.
 - c) Proxecto da instalación de PCI (específico ou extracto do proxecto do establecemento).
 - d) Certificado de dirección de obra asinado polo técnico/a titulado competente.
 - e) Certificado da empresa instaladora autorizada asinado polo técnico/a titulado competente respectivo.
- Instalacións que requiren a presentación dunha memoria técnica (establecementos industriais de risco intrínseco baixo e superficie útil inferior a 250 m²):
 - a) Solicitude normalizada (modelo dispoñible en sede electrónica).
 - b) CIF/NIF da persoa titular da instalación.
 - c) Memoria técnica da instalación de PCI asinada polo técnico/a titulado competente (modelo dispoñible en sede electrónica).
 - d) Certificado da empresa instaladora autorizada asinado polo técnico/a titulado competente respectivo.

OBRIGATORIO

Si

Procedemento IN620A

PRAZOS

Previo

TRÁMITE EN LIÑA

Si

<https://sede.xunta.es/detalle-procedemento?codCons=IN&codProc=620A&procedemento=IN620A>

PRESENCIAL Non

NORMATIVA

- Real decreto 2267/2004, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais (BOE núm. 303, do 17 de decembro de 2004).

TAXAS DE INSCRICIÓN DAS INSTALACIÓNS CONTRA INCENDIOS

ÓRGANO RESPONSABLE

Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).

DESCRICIÓN

Este procedemento está suxeito ao pagamento das seguintes taxas:

- Inscripción en rexistros oficiais. Primeira inscrición. Modificacións da primeira inscrición.
- Código taxa: 30.02.00.
- Inscripción no rexistro de instalacións de protección contra incendios (código taxa: 32.19.11).

Pódese consultar o seu importe na seguinte ligazón:

<http://www.atriga.gal/es/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/tarifas-vixentes-de-taxas/anexo-3>.

TRÁMITE EN LIÑA Si

https://ovt.atriga.gal/#!/detalle_servizo/?Pago+de+taxas+e+prezos/11609730/4126995/11609860/1.8/item-dark-blue/tab/tab#0.

Indicamos a ligazón á páxina de ATRIGA, pero a persoa interesada pode realizar o pagamento destas taxas na sede electrónica como un dos pasos da tramitación en liña do propio procedemento de inscrición.

INSCRICIÓN DAS INSTALACIÓNS CON EQUIPAMENTOS A PRESIÓN

IN603A - Rexistro de instalacións con equipamentos a presión

ÓRGANO RESPONSABLE

Xefatura territorial da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

DESCRICIÓN

Antes de proceder á solicitude de inscrición como taller de reparación de vehículos de automóbiles, aqueles locais que teñan equipamentos a presión aos que lles sexa de aplicación o Regulamento de equipamentos a presión e as súas instrucións técnicas complementarias, antes da súa posta en servizo, deberán rexistrarse na correspondente xefatura territorial da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación facendo uso deste procedemento.

DOCUMENTACIÓN

- Instalacións que requiren a presentación do proxecto:
 - a) Solicitude normalizada (modelo dispoñible en sede electrónica).
 - b) Proxecto da instalación de AP (específico ou extracto do proxecto do establecemento).

- c) Esquema de principio da instalación no que se indiquen os parámetros principais de funcionamento (presión e temperatura).
- d) Plano ou esbozo da instalación.
- e) Certificado de dirección de obra asinado por técnico/a titulado competente.
- f) Certificado da empresa instaladora autorizada asinado polo técnico/a titulado competente respectivo.
- g) Declaración UE de conformidade dos compoñentes e equipamentos que forman parte da instalación.
- Instalacións que requiren a presentación dunha memoria técnica:
 - a) Solicitud normalizada (modelo dispoñible en sede electrónica).
 - b) Memoria técnica da instalación de AP asinada pola técnico/a titulado competente.
 - c) Esquema de principio da instalación no que se indiquen os parámetros principais de funcionamento (presión e temperatura).
 - d) Plano ou esbozo da instalación.
 - e) Certificado da empresa instaladora autorizada.
 - f) Declaración UE de conformidade dos compoñentes e equipamentos que forman parte da instalación.

Esta documentación presentarase tamén electronicamente, utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal.

OBRIGATORIO	Si	Procedemento IN603A
PAZOS	Previo	
TRÁMITE EN LIÑA	Si	https://sede.xunta.es/detalle-procedemento?codCons=IN&codProc=603A&procedemento=IN603A&lang=es
PRESENCIAL	Non	
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none"> • Real decreto 2060/2008, do 12 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de equipamentos a presión e as súas instrucións técnicas complementarias.

TAXAS DE INSCRIPCIÓN DAS INSTALACIÓNS CON EQUIPAMENTOS A PRESIÓN

ÓRGANO RESPONSABLE	Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).
DESCRIPCIÓN	<p>Este procedemento está suxeito ao pagamento das seguintes taxas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Inscripción en rexistros oficiais. Primeira inscrición. Modificacións da primeira inscrición (código taxa: 30.02.00). • Inscripción no rexistro de instalacións con equipamentos de presión (código taxa: 32.19.14) <p>Pódese consultar o seu importe na seguinte ligazón: http://www.atriga.gal/es/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/tarifas-vixentes-de-taxas/anexo-3.</p>
TRÁMITE EN LIÑA	<p>Si</p> <p>https://ovt.atriga.gal/#!/detalle_servizo/?Pago+de+taxas+e+prezos/11609730/4126995/11609860/1.8/item-dark-blue/tab/tab#0.</p> <p>Indicamos a ligazón á páxina de ATRIGA, pero a persoa interesada pode realizar o pagamento destas taxas na sede electrónica como un dos pasos da tramitación en liña do propio procedemento de inscrición.</p>

4.2 TRAMITACIÓN ESPECÍFICA COMO TALLER DE REPARACIÓN DE VEHÍCULOS AUTOMÓBILES

Unha vez rexistradas as instalacións e obtidos os números correspondentes (IBT... para instalacións baixa tensión, PCI... para instalacións contra incendios e AP... para equipamentos de aire comprimido), pode procederse xa á tramitación específica para a posta en marcha dun taller de reparación de vehículos automóbiles.

INSCRICIÓN NO REXISTRO DE TALLERES DE REPARACIÓN DE VEHÍCULOS AUTOMÓBILES

Inscripción no Rexistro de Talleres de Reparación de Vehículos Automóbiles (DIVISIÓN A) IN609Y

ÓRGANO RESPONSABLE		Xefatura territorial da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
DESCRICIÓN		A persoa titular do taller solicitará a inscrición do establecemento do taller e das instalacións sometidas a lexislación específica de seguridade neste rexistro.
DOCUMENTACIÓN		<ul style="list-style-type: none">• Declaración responsable de inicio de actividade, na que figurará:<ul style="list-style-type: none">a) A clasificación do taller.b) Manifestar que reúne os requisitos e medios técnicos exixidos pola norma (desenvólvense no punto 3 do catálogo).c) Que dispón da documentación que así o acredita.d) Que se compromete a manter o seu cumprimento durante a vixencia da actividade.e) Que se responsabiliza de que a execución dos traballos se efectúa de acordo coas normas do Decreto 70/2011, do 7 de abril.f) Indicará os números de rexistro das instalacións do establecemento que están sometidas a regulamentos de seguridade industrial. <p>Esta documentación presentarase tamén electronicamente, utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal.</p>
OBRIGATORIO	Si	Procedemento IN609Y
PRAZOS	Previo	
TRÁMITE EN LIÑA	Si	https://sede.xunta.gal/doc-invia/rest/anexos/21261448
PRESENCIAL	Non	
EFFECTOS		<ul style="list-style-type: none">• Habilita por tempo indefinido para a prestación dos servizos no taller de reparación desde o día seguinte á presentación, sempre e cando non cambien as condicións indicadas na declaración responsable.• A non presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión de datos ou manifestacións que deban figurar na declaración, habilita a consellería para ditar resolución pola que se declare a imposibilidade de seguir prestando servizos no taller e a inhabilitación temporal da persoa interesada para a prestación dos servizos.
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none">• Artigo 4.2 do Decreto 70/2011, do 7 de abril, polo que se regulan a actividade industrial e a prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles e dos seus equipamentos e compoñentes.

ÓRGANO RESPONSABLE	Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).
DESCRIPCIÓN	Este procedemento está suxeito ao pagamento da taxa con código 32.07.22. Pódese consultar o seu importe na seguinte ligazón: http://www.atriga.gal/es/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/tarifas-vixentes-de-taxas/anexo-3
TRÁMITE EN LIÑA	Si https://ovt.atriga.gal/#!/detalle_servizo/?Pago+de+taxas+e+prezos/11609730/4126995/11609860/1.8/item-dark-blue/tab/tab#0 Indicamos a ligazón á páxina de ATRIGA, pero a persoa interesada pode realizar o pagamento destas taxas na sede electrónica como un dos pasos da tramitación en liña do propio procedemento de inscrición.

4.3 INSCRIPCIÓN NO REGISTRO DE RESIDUOS

O artigo 29.1 a) da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados establece que deberán presentar unha **comunicación previa ao comezo das súas actividades ante o órgano ambiental competente da Comunidade Autónoma** onde estean situadas, entre outras, as entidades ou empresas que se atopen nalgún dos supostos que se enuncian a continuación: *instalación, ampliación, modificación substancial ou traslado de industrias ou actividades que produzan residuos perigosos, ou que xeren máis de 1000 t/ano de residuos non perigosos.*

A persoa promotora deberá consultar o **Sistema de Información de Residuos de Galicia (SIRGa)**, un portal no que cidadáns e empresas poden acceder á información relacionada coa xestión de residuos en Galicia, xa que en función das actividades realizadas pola empresa, esta poderá ter a obriga de obter autorización previa ou comunicar as actividades realizadas en materia de produción e xestión de residuos.

A persoa promotora pode consultar esta información a través da seguinte ligazón:
<https://sirga.xunta.gal/autorizacions-e-notificacions>

4.4. ASIGNACIÓN DO NÚMERO DE AUTORIZACIÓN

Unha vez inscrito o establecemento, a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través do procedemento IN609Y, emitirá automaticamente o número de inscrición do rexistro de taller de reparación de automóviles.

O rexistro da comunidade autónoma está vencellado electrónicamente ao Rexistro Integrado Industrial estatal, polo que a inscrición neste último é automática.

Este número será unha **cifra de oito díxitos**, dos cales os dous primeiros indicarán a provincia, e que deberá figurar **na parte inferior dereita da placa distintiva do taller.**

4.5. PROCEDIMENTO DE COMPROBACIÓN DA DECLARACIÓN RESPONSABLE/ DOCUMENTACIÓN E REQUISITOS TÉCNICOS

Como xa se indicou anteriormente, estamos ante unha actividade de prestación de servizos que non está suxeita a autorización previa, o que non obsta para que a Administración poida comprobar en calquera momento que se cumpre co contido da declaración responsable exixida para o inicio da actividade.

A Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación será a encargada de comprobar a posteriori o declarado pola persoa promotora.

Procedemento de comprobación do cumprimento dos requisitos

ÓRGANO RESPONSABLE	Xefatura territorial da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
DESCRIPCIÓN	<p>O incumprimento dos requisitos exixidos comportará o cesamento automático da prestación de servizos, salvo que se poida incoar un expediente de emenda de erros, sen prexuízo das sancións que puideren derivar da gravidade das actuacións realizadas.</p> <p>Abrirase un expediente informativo á persoa titular da instalación.</p>
PRAZOS	A persoa interesada terá quince días naturais a partir da comunicación para achegar as evidencias ou descargos correspondentes.
EFFECTOS	<ul style="list-style-type: none">• Inhabilitación temporal e/ou cesamento da actividade.• Sanción.• Traslado inmediato ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para a actualización dos datos no Rexistro Integrado Industrial.
NORMATIVA	<ul style="list-style-type: none">• Artigo 4. 10-14 do Decreto 70/2011, do 7 de abril, polo que se regulan a actividade industrial e a prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles e dos seus equipamentos e compoñentes.• Título V da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria (para os efectos de sancións).

Documentación acreditativa

Os talleres deberán dispoñer da seguinte documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para a súa presentación ante a autoridade competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de comprobación e control.

- Proxecto ou proxectos técnicos das instalacións suxeitas ao cumprimento de regulamentos de seguridade se nestes son exixibles, formados por memorias, planos e orzamentos redactados e asinados por técnicos/as competentes.

- Estudo técnico que incluírá, polo menos, unha relación detallada dos utensilios, equipamentos e ferramentas de que dispoñen, de acordo coas ramas de actividade que vaian desenvolver, así como unha relación detallada dos diversos traballos e servizos que poderá prestar o taller.
- Autorización escrita da persoa fabricante nacional, ou da persoa representante legal da persoa fabricante estranxeira, no caso de tratarse de talleres autorizados ou de talleres autorizados independentes (vid. clasificación dos talleres pola súa relación coas persoas fabricantes de vehículos no apartado de conceptos).
- Documento que acredite a idoneidade da persoa responsable técnica do taller.

No caso de que o taller declare que realiza actividades de limitadores ou tacógrafos, deberá dispoñer da autorización pertinente:

- Para a actividade de limitadores, precisa dunha autorización previa da xefatura territorial correspondente da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. Para poder obter esa autorización, necesita presentar solicitude de autorización a través do procedemento IN609N Limitadores (Real decreto 1417/2005, de 25 de novembro, polo que se regula a utilización, instalación e comprobación do funcionamento de dispositivos de limitación de velocidade en determinadas categorías de vehículos).
- Para a actividade de tacógrafos, Precisa dunha autorización previa da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. Para poder obter esa autorización, necesita presentar, unha vez rexistrado o taller, a solicitude de autorización a través do procedemento IN647B Tacógrafos (Real decreto 125/2017, do 24 de febreiro, polo que se establecen os requisitos técnicos e as normas de actuación que deben cumprir os centros técnicos de tacógrafos. BOE núm. 48, do 25 de febreiro de 2017).

Medios técnicos. Persoal responsable técnico de taller

Os talleres deberán dispoñer dos medios técnicos necesarios para prestar os seus servizos en condicións de seguridade, medios que terán que aparecer relacionados nos estudos técnicos. Os instrumentos, aparellos, medios e sistemas de medida que sexan necesarios para facer as reparacións estarán suxeitos á normativa específica de control metrolóxico do Estado que lles sexan de aplicación, e deberán ser calibrados e verificados coa periodicidade establecida por esta.


Dentro deses medios técnicos os talleres deberán dispoñer, polo menos, dunha persoa responsable técnica no cadro de persoal a xornada completa que acredite a súa preparación e idoneidade mediante calquera das seguintes formas:

- Dispoñer dun título universitario cuxo plan de estudos cubra as materias obxecto da actividade que se vai desenvolver no taller.
- Dispoñer dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo nacional de cualificacións profesionais, cuxo ámbito competencial coincida coas materias obxecto da actividade que se vai desenvolver no taller (senalados no anexo para cada taller en función da súa actividade).
- Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias obxecto da actividade que se vai desenvolver no taller (senaladas no anexo para cada taller en función da súa actividade).

Os labores do persoal responsable técnico poderán ser desenvolvidos pola persoa titular do taller se pode acreditar a súa preparación e idoneidade dalgunha das formas citadas anteriormente.

4.6. PLACA DISTINTIVA

Os talleres legalmente clasificados colocarán na fachada do edificio, nun lugar facilmente visible desde o exterior, a placa distintiva que lles corresponda, que estará composta por unha placa metálica, cadrada, de 480 milímetros de lado, cos seus catro vértices redondeados e o fondo en cor azul.



Tres espazos desiguais de arriba a abaixo

SUPERIOR

Dividido en catro rectángulos verticais nos cales se estampan os símbolos das ramas de actividade do taller e quedarán baleiros os restantes espazos.

PLACA DISTINTIVA (cor azul sobre fondo branco)

RAMAS DE ACTIVIDADE	SÍMBOLO
Mecánica	Chave inglesa
Electricidade e electrónica	Frecha quebrada
Carrozarías	Martelo
Pintura	Pistola de pintar

INTERMEDIO

Dividido pola súa metade en dous rectángulos horizontais.

RECTÁNGULO DA ESQUERDA: Estampananse os símbolos das especialidades do taller.

Especialidades

- Pneumáticos
- Radiadores
- Equipamentos de inxección
- Cristais e parabrisas
- Dispositivos de remolcar, ata un peso máximo de 3.500 kg
- Tacógrafos
- Limitadores de velocidade
- Aire acondicionado e climatización
- Autorradios e equipamentos de comunicación

RECTÁNGULO DA DEREITA:

- Estampaxe do símbolo correspondente ao taller de reparacións de vehículos de categoría L.
- Cando se trate de talleres dedicados unicamente á reparación de vehículos automóbiles de máis de tres rodas, permanecerá baleiro.

INFERIOR

ESQUERDA: Siglas estampadas da provincia de localización do taller (C, LU, OU, PO).


DEREITA: Destinado a estampar o número de identificación do taller asignado pola Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

NORMATIVA

- (Artigos 3, 6 e 7 e anexo II). Decreto 70/2011, do 7 de abril, polo que se regulan a actividade industrial e a prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles e dos seus equipamentos e compoñentes.

4.7. PLACA INFORMATIVA

Os talleres legalmente clasificados colocarán na fachada do edificio, nun lugar facilmente visible desde o exterior, á dereita ou na parte inferior da placa distintiva, a placa informativa que lles corresponda, que estará composta por unha placa metálica, cadrada, de 480 milímetros de lado, cos seus catro vértices redondeados e o fondo en cor azul.



Dous espazos desiguais de arriba a abaixo

PLACA INFORMATIVA
(cor azul sobre fondo branco)

SUPERIOR

Deberá conter o texto "Placa informativa sobre as actividades que se desenvolven neste taller".

INFERIOR ESQUERDO

Aliñados verticalmente

Símbolos **das ramas de actividade*** ás cales se dedique o taller, acompañados á súa dereita do texto explicativo.

INFERIOR DEREITO

Aliñados verticalmente

Símbolos das particulares **funcións** e **especialidades*** ás cales se dedique o taller, acompañados á súa dereita do texto explicativo.

NORMATIVA

- (Artigos 3, 6 e 7 e anexo II). Decreto 70/2011, do 7 de abril, polo que se regulan a actividade industrial e a prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles e dos seus equipamentos e compoñentes.

*Aparecen especificadas na táboa anterior

5. TRAMITACIÓN MUNICIPAL

Posibilidade de presentar consultas previas ante o concello

No relativo aos trámites municipais que terá que realizar o promotor ou promotora, o primeiro que deberá ter en conta, como sinalamos ao comezo, é a necesidade de consultar, con carácter previo, a normativa que teña sido aprobada polo concello onde se pretende desenvolver a actividade, no exercicio da súa potestade regulamentaria.

No caso de que os edificios ou instalacións previstos no proxecto estivesen situados en zonas limítrofes a dous ou máis concellos, resultaría adecuado que a persoa promotora se asegurase, de coñecer os límites municipais, coa realización dunha consulta no Instituto Xeográfico Nacional, da liña límite vixente¹.

Para garantir a axeitada presentación da documentación necesaria para o inicio da actividade, as persoas promotoras teñen a posibilidade de formular consultas por escrito ao concello, as cales deberán ir acompañadas de todos aqueles datos e documentos que permitan identificar claramente a información que lles requiren.

Aboamento dos tributos que procedan, de ser o caso.

Resulta especialmente relevante neste intre a **consulta das ordenanzas fiscais** do concello, para os efectos de satisfacer os tributos relacionados co establecemento da actividade que, se é o caso, tivesen sido obxecto de acordo de imposición, debendo destacar os seguintes:

Aboamento da taxa de outorgamento de licenza/ presentación de comunicación previa

XESTIÓN DO TRÁMITE

Administración local.

DESCRIPCIÓN

As entidades locais poderán establecer taxas por calquera suposto de prestación de servizos ou de realización de actividades administrativas de competencia local, e en particular polos seguintes:

- Outorgamento das licenzas urbanísticas exixidas pola lexislación do solo e ordenación urbana ou realización das actividades administrativas de control nos supostos en que a exixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.
- Outorgamento das licenzas de apertura de establecementos ou realización das actividades administrativas de control nos supostos en que a exixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.
- Outros supostos vinculados á prestación de servizos ou á realización de actividades administrativas de competencia local.

En todo caso, cumprirá consultar a normativa local aplicable.

DOCUMENTACIÓN

- Documento de liquidación ou autoliquidación (se é o caso).

OBRIGATORIO

Si

Naqueles municipios en que se acordase a súa imposición.

^{1/} As representacións gráficas que presenta o IXN non sempre están actualizadas con técnicas modernas que permitan unha determinación precisa da liña límite legal existente entre algúns concellos. Neste caso a persoa promotora podería solicitar que se realizase unha actualización de dita liña límite que poderían inscribir por iniciativa propia segundo permite o artigo 17.2 do Real decreto 1545/2007, do 23 de novembro, polo que se regula o Sistema Cartográfico Nacional.

TRÁMITE EN LIÑA	Si	A través das sedes electrónicas municipais (ou da deputación, se é o caso).
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none"> • Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. • Ordenanzas fiscais do municipio.

Aboamento do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO)

XESTIÓN DO TRÁMITE

Administración local.

DESCRICIÓN

- O ICIO é un tributo indirecto, de imposición potestativa, cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se exixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se obtívese ou non a dita licenza, ou para a que se exixa a presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao concello da imposición.
- Son suxeitos pasivos deste imposto os donos ou donas da construción, instalación ou obra, sexan ou non persoas propietarias do inmovible sobre o que se realice aquela, é dicir, quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.
- A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra (custo de execución material), nos termos recollidos na normativa de facendas locais, e o tipo de gravame do imposto será o fixado por cada concello, sen que este tipo poida exceder o 4 %.
- O municipio poderá establecer bonificacións potestativas sobre a cota deste imposto, entre as que cabe destacar a posible existencia, se así se regula nas ordenanzas fiscais municipais, dunha bonificación de ata o 95 % da cota a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorreren circunstancias vinculadas, entre outros factores, ao fomento do emprego.
- O municipio poderá exixir a autoliquidación por parte do suxeito pasivo ou da persoa substituta.

En todo caso deberá consultarse a normativa local aplicable.

DOCUMENTACIÓN

- Documento de liquidación ou autoliquidación (se é o caso).

OBRIGATORIO

Si

Naqueles municipios nos que se acordase a súa imposición.

TRÁMITE EN LIÑA

Si

A través das sedes electrónicas municipais (ou da deputación, se é o caso).

NORMATIVA

- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Ordenanza fiscal do municipio en cuestión.

Con todo, a persoa promotora deberá proceder á consulta, para o seu coñecemento, dos elementos doutros tributos municipais relacionados co posterior exercicio da actividade, que non se abordan neste catálogo, como poden ser o imposto sobre actividades económicas ou o imposto sobre bens inmovibles, entre outros.

Obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade

Na maior parte dos casos, o inicio da actividade precisará de obras que permitan a súa realización, ou que adecúen o establecemento físico onde esta se vai levar a cabo ás características propias da actividade. De atoparse neste suposto, o primeiro que a persoa promotora deberá saber é que todos os actos de transformación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo requiren, para o seu lícito exercicio, **de outorgamento de licenza municipal ou de presentación de comunicación previa no concello**, en función do acto de que se trate.

Solicitud de licenza municipal para a realización de obras

XESTIÓN DO TRÁMITE

Administración local.

DESCRIPCIÓN

Estarán suxeitos a **licenza municipal**, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

- Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.
- As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
- As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.
- Os muros de contención de terras, cando a súa altura sexa igual ou superior a metro e medio.
- Os grandes movementos de terras e as explanacións.
- As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.
- A primeira ocupación dos edificios.
- A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente.
- A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público, agás as autorizadas en solo rústico polos órganos competentes en materia forestal.

Todos os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo non sinalados quedan sometidos ao réxime de **comunicación previa urbanística**.

DOCUMENTACIÓN

A solicitud de licenza conterá os seguintes datos e documentos:

- Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para os efectos de notificacións.
- Descrición suficiente das características do acto de que se trate, que detalle os aspectos básicos deste, a súa localización e a edificación ou inmovible a que afecte, así como a súa referencia catastral.
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais.
- Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse o proxecto completo redactado por persoal técnico competente, na forma e co contido que se indica na normativa aplicable.
- Os proxectos de obras irán acompañados do correspondente oficio de dirección destas, no cal se identificará o persoal técnico ao cal se lle teñen encomendadas.
- Cando non sexa exigible un proxecto técnico, a solicitud irá acompañada dunha memoria descritiva e gráfica que defina as características xerais do seu obxecto e do inmovible en que se pretenda levar a cabo.
- No caso de solicitudes de licenza de primeira ocupación de edificacións, certificado final de obra de persoa técnica competente en que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

- Documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso a que vaian destinadas as obras.
- Copia da autorización ou ditame ambiental, así como das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente exixibles.
- De ser o caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal.

Dado que a obra ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa solicitude da licenza, presentarase a documentación requirida en relación con esta.

Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.

PRAZO

As peticións de licenza resolveranse no prazo de **3 meses** desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello. Non obstante, cando unha solicitude de licenza urbanística se presente acompañada dunha certificación de conformidade, **o prazo de resolución do procedemento poderá ser de 1 mes**, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa, incluída a certificación de conformidade, no rexistro do concello. Este prazo pode reducirse a 15 días naturais en determinados supostos².

OBRIGATORIO Si

Nos casos en que resultase preceptiva en función do acto que se pretenda realizar.

TRÁMITE EN LIÑA Si

A través das sedes electrónicas municipais.

NORMATIVA

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.
- Ordenanzas municipais aplicables.

Comunicación previa para a realización de obras

XESTIÓN DO TRÁMITE

Administración local.

DESCRIPCIÓN

Todos os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza quedan sometidos ao réxime de comunicación previa urbanística. En particular, sométense ao réxime de comunicación previa:

- A execución de obras ou instalacións menores.
- A utilización do solo para o desenvolvemento de actividades mercantís, industriais, profesionais, de servizos ou outras análogas.
- O uso do voo sobre as edificacións e instalacións de calquera clase.
- A modificación do uso de parte dos edificios e instalacións, en xeral, cando non teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio nin implantar un uso residencial.
- A extracción de granulados para a construción e a explotación de canteiras, aínda que se produza en terreos de dominio público e estean suxeitos a concesión ou autorización administrativa.

²/ Artigos 54.3 e 55.2 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.

- As actividades extractivas de minerais, líquidos, e de calquera outra materia, así como as de verteduras no subsolo.
- A instalación de invernadoiros.
- A colocación de carteis e paneis de propaganda visibles desde a vía pública, sempre que non estean en locais pechados.
- Os cerramentos e valados de predios.

DOCUMENTACIÓN

A comunicación deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para os efectos de notificacións.
- Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, se é o caso, proxecto técnico legalmente lexible.
- Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación.
- Copia das autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando sexan legalmente exixibles á persoa solicitante, ou acreditación de que se solicitou o seu outorgamento. Para estes efectos, no caso de non se teren emitido os informes no prazo legalmente establecido, acreditarase tal circunstancia.
- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso a que se destinen as obras.
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos.
- De ser o caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal previstas neste regulamento.
- Documento de formalización da cesión, se é o caso.
- Data de inicio e finalización das obras.

Dado que a obra ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa comunicación previa, presentarase a documentación requirida en relación con esta.

Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.

PRAZOS

No caso das comunicacións previas urbanísticas, a persoa promotora, con carácter previo á execución do acto de que se trate, comunicaralle ao concello a súa intención de levar a cabo o acto cunha antelación mínima de 15 días hábiles á data en que pretenda comezar a súa execución.

Dentro dos quince días hábiles seguintes á comunicación, o concello, sen prexuízo da comprobación do cumprimento dos requisitos, poderá declarar completa a documentación presentada ou requirir a reparación das deficiencias que presente, adoptando neste caso, de forma motivada, as medidas provisionais que entenda oportunas, comunicándollas á persoa interesada por calquera medio que permita acreditar a súa recepción.

Con carácter xeral, transcorrido o prazo de quince días hábiles sinalado, a presentación da comunicación previa que cumpra con todos os requisitos exixidos constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos a esta, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo.

Cando unha comunicación urbanística se presente acompañada dunha certificación de conformidade, habilitará con efectos inmediatos desde a súa presentación no rexistro do concello para a realización do acto que constitúa o seu obxecto, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo³

OBRIGATORIO

Si

Nos casos en que non sexa preceptiva licenza para a realización das obras.

TRÁMITE EN LIÑA

Si

A través das sedes electrónicas municipais.

NORMATIVA

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.
- Ordenanzas municipais aplicables.

Antes de presentar a solicitude de licenza ou de presentar a comunicación previa urbanística, o promotor deberá ter en conta os seguintes aspectos:

- Cando os actos de edificación e uso do solo e subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixirase que o promotor dispoña das autorizacións ou concesións preceptivas previas outorgadas por parte do titular do dominio público.
- No caso de instalación de talleres de reparación de automóbiles, será necesaria a autorización para acceso dende a vía pública, que corresponderá á administración titular da vía (concello, deputación provincial, Xunta de Galicia ou Estado).
- Non se poderá conceder licenza ou presentar comunicación previa urbanística sen que se dispoña do outorgamento previo das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes.

Neste sentido, cómpre reiterar que no suposto de que o taller se atope localizado en solo rústico de especial protección (suposto dos talleres de maquinaria agrícola e relacionados coa xestión forestal, e os pequenos talleres que se puidesen implantar ao abeiro do artigo 40 ou da disposición transitoria terceira da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia), de conformidade co establecido no artigo 36.2 da dita lei, e dos artigos 51.2 e 63.3 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento, **no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal.**

Asemade, ao tratarse de obras que teñen por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, establécese un réxime específico⁴, que determina que o promotor **deberá consignar expresamente esa circunstancia** e, xunto coa solicitude de licenza de obra ou coa comunicación previa, presentará a seguinte documentación:

- Os datos identificativos da persoa física ou xurídica titular da actividade ou do establecemento e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para os efectos de recibir notificacións.
- Unha memoria explicativa da actividade que se pretenda realizar que detalle os seus aspectos básicos, a súa localización e o establecemento onde se vai desenvolver.
- O xustificante do pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos.
- Unha declaración da persoa titular da actividade, de ser o caso, subscribida pola persoa técnica competente, na cal manifesta que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no plan urbanístico.

4/ Artigo 24.2 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia; artigo 11.2 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos; e artigo 364 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

- O proxecto e a documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade ou instalación redactados e asinados por persoa técnica competente.
- A autorización ou declaración ambiental, de ser o caso.
- As demais autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos.
- De ser o caso, o certificado emitido por unha entidade de certificación de conformidade municipal.

Así, nos casos en que concorran estas dúas circunstancias –a realización da actividade e a execución de obras para o exercicio desta–, as facultades municipais de comprobación, control e inspección exerceranse, nun primeiro momento, en relación coa actividade a que vaia destinada a obra, suspendendo toda actuación administrativa en relación con esta entrementes a persoa interesada non acredite debidamente o cumprimento dos requisitos legais para o exercicio da actividade.

Logo de rematar a obra, presentárase **comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento** sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico/a ou técnico/a competente, así como, cando proceda, o certificado acústico⁵.

Comunicación previa para o inicio da actividade tras a realización de obras

XESTIÓN DO TRÁMITE		Administración local.
DESCRICIÓN		Cando a actividade requira a execución de obras ou instalacións, non se poderán iniciar ou desenvolver as actividades ata que estean as obras ou instalacións totalmente finalizadas e se presente a comunicación previa correspondente ante o concello.
DOCUMENTACIÓN		<ul style="list-style-type: none"> • Datos de identificación da persoa titular. • Referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada. • Certificado final de obra asinado por técnico/a ou técnica competente. • Certificado acústico (cando proceda). <p>Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.</p>
OBRIGATORIO	Si	A presentación dunha comunicación previa que cumpra os requisitos exixidos habilita desde o mesmo momento da dita presentación para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento a que esta se refira, sen prexuízo das actuacións de verificación e control posterior que establece o concello.
TRÁMITE EN LIÑA	Si	A través das sedes electrónicas municipais.
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none"> • Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos. • Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. • Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia. • Ordenanzas municipais aplicables.

⁵/ Artigo 11 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

Presentación de comunicación previa ao inicio da actividade nos casos en que non fose necesaria a realización de obras

Nos casos en que non fose necesario efectuar obras para o inicio da actividade, tras a realización dos trámites sectoriais oportunos en función do tipo de actividade de que se trate, o promotor/a deberá saber que, con carácter xeral, a instalación, a implantación ou o exercicio de calquera actividade económica, empresarial ou profesional **require a presentación por parte da persoa titular da actividade dunha comunicación previa** ante o concello en que se pretenda desenvolver a actividade ou abrir o establecemento.

Comunicación previa para o inicio da actividade sen realización de obras previas

XESTIÓN DO TRÁMITE

Administración local.

DESCRICIÓN

A instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, así como a apertura dos establecementos destinados a este tipo de actividades, require a presentación por parte da persoa titular da actividade dunha comunicación previa coas seguintes excepcións:

- O exercicio de actividades e a apertura de establecementos sometidos a outro réxime de intervención administrativa pola normativa sectorial que resulte de aplicación.
- O exercicio de actividades que non estean vinculadas a un establecemento físico.

DOCUMENTACIÓN

A comunicación deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Os datos identificativos da persoa física ou xurídica titular da actividade ou do establecemento e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para os efectos de notificacións.
- Unha memoria explicativa da actividade que se pretenda realizar que detalle os seus aspectos básicos, a súa localización e o establecemento ou establecementos onde se vai desenvolver.
- O xustificante do pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos.
- Unha declaración da persoa titular da actividade ou do establecemento, de ser o caso, suscrita por técnico/a competente, de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no plan urbanístico.
- O proxecto e a documentación técnica que resulte exigible segundo a natureza da actividade ou instalación. Para estes efectos, enténdese por proxecto o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que lle permita á Administración coñecer o obxecto delas e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable, segundo o regulado na normativa de aplicación. O proxecto e a documentación técnica serán redactados e asinados por persoa técnica competente.
- A autorización ou declaración ambiental, de ser o caso.
- As demais autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos.
- De ser o caso, o certificado de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal previstas neste regulamento.

Se para o desenvolvemento da actividade ou a apertura do establecemento é precisa a realización dunha obra, a documentación anterior presentarase coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra.

Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.

OBRIGATORIO

Si

No caso da apertura de establecementos, unha copia selada da comunicación previa deberá expoñerse nun lugar visible e de fácil acceso.

Si	En todo caso, a persoa titular da actividade deberá dispoñer dunha copia selada da comunicación previa e exhibila cando llo requira unha inspección administrativa ou calquera persoa para a cal se realice a actividade.
----	---

TRÁMITE EN LIÑA

Si	A través das sedes electrónicas municipais.
----	---

A presentación dunha comunicación previa, que cumpra os requisitos exixidos, habilita desde o mesmo momento da presentación para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento a que esta se refira, ou desde a data que sinala expresamente a persoa interesada nela, sen prexuízo das facultades dos concellos para o establecemento e planificación das actuacións de verificación e control posterior.

Unha vez recibida unha comunicación previa, o concello verificará de oficio:

- A súa propia competencia.
- Se se trata do medio de intervención legalmente indicado para a actividade ou o establecemento.
- Se a comunicación previa contén os datos e a documentación exixidos.

Se os datos ou a documentación presentados coa comunicación previa están incompletos ou tivesen calquera outra deficiencia emendable, o concello concederalle á persoa que a presentou un prazo de reparación de dez días. Porén, no caso de que as deficiencias detectadas non resulten emendables ou non se emenden no prazo outorgado, ou cando o concello determine que non lle corresponde a competencia para a recepción da comunicación previa ou que a actividade ou o establecemento ao que esta se refire está sometido a outro réxime de intervención administrativa, iníciase de oficio o procedemento de declaración de ineficacia da comunicación previa.

Esta actuación de verificación será potestativa para o concello naqueles supostos en que a documentación achegada inclúa un **certificado de conformidade emitido por unha entidade de certificación de conformidade municipal**, sen prexuízo de que se poidan realizar en calquera momento, de oficio ou por solicitude de persoa interesada, as actuacións de inspección e control da actividade ou do establecemento que sexan necesarias para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos pola normativa que resulte de aplicación.

Certificados emitidos polas entidades de certificación de conformidade municipal

ÓRGANO RESPONSABLE

Entidades de certificación de conformidade municipal (Eccom).

DESCRIPCIÓN

Son aquelas entidades de dereito privado que, despois de seren autorizadas pola Administración autonómica, tendo capacidade plena de obrar e actuando baixo a súa responsabilidade, se constitúan coa finalidade de desenvolver en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia actuacións de certificación, verificación, inspección e control da conformidade de instalacións, establecementos e actividades coa normativa aplicable no ámbito municipal.

O contido dos certificados de conformidade non ten carácter vinculante para os servizos técnicos municipais nin para os órganos municipais con competencia na materia, e en ningún caso substituirá as potestades públicas de inspección, comprobación, control e sanción.

OBRIGATORIO	Non	<p>As persoas interesadas en presentar unha comunicación previa ou unha solicitude de licenza ante a Administración municipal poden dirixirse á entidade da súa elección, dentro das que estean habilitadas para desenvolver actuacións de certificación de conformidade municipal no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de solicitar a realización da función de certificación de conformidade respecto da instalación, establecemento, actividade ou obra que vaia ser obxecto da comunicación previa ou da solicitude de licenza.</p> <p>A relación entre as persoas que soliciten a realización da función de certificación de conformidade e as entidades de certificación de conformidade municipal estará suxeita ao dereito privado.</p>
CONSULTA		<p>Rexistro de Entidades de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.</p>
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none"> • Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos. • Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. • Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.

Cambios de titularidade da actividade ou establecemento

O cambio de titularidade da actividade ou do establecemento deberá comunicarse por escrito ao concello, de forma que, neste caso, sen prexuízo do que determine a normativa local aplicable en cada caso, a comunicación previa deberá incluír unicamente:

- Os datos identificativos da nova persoa titular.
- A referencia do título habilitante inicial e, de ser o caso, dos que se tramitasen para posteriores cambios de titularidade ou modificacións da actividade ou do establecemento.

A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade.

NORMATIVA SECTORIAL APLICABLE

- Real decreto 1457/1986, do 10 de xaneiro, polo que se regulan a actividade industrial e a prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles, dos seus equipamentos e compoñentes.
- Real decreto 542/2020, do 26 de maio, polo que se modifican e derrogan diferentes disposicións en materia de calidade e seguridade industrial.
- Decreto 70/2011, do 7 de abril, polo que se regulan a actividade industrial e a prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles e dos seus equipamentos e compoñentes.

- Decreto 108/2017, do 2 de novembro, polo que se modifica o Decreto 70/2011, do 7 de abril, polo que se regulan a actividade industrial e a prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles e dos seus equipamentos e compoñentes.
- Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.
- Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o regulamento electrotécnico para baixa tensión e as súas ITC.
- Orde do 23 de xullo de 2003 pola que se regula a aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia do Regulamento electrotécnico de baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto.
- Real decreto 244/2019, do 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica.
- Real decreto 2060/2008, do 12 de decembro, polo que se aproba o regulamento de equipamentos a presión e as súas instrucións técnicas complementarias.
- Real decreto 709/2015, do 24 de xullo, polo que se establecen os requisitos esenciais de seguridade para a comercialización dos equipamentos a presión BOE núm. 210, do 2 de setembro.
- Real decreto 2267/2004, do 3 de decembro, polo que se aproba o regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais.
- Real decreto 513/2017, do 22 de maio, polo que se aproba o regulamento de instalacións de protección contra incendios.
- Outra normativa de seguridade industrial aplicable ás instalacións do establecemento.

6. ANEXO.
REQUISITOS FORMATIVOS DA PERSOA ENCARGADA
DE TALLER

NORMATIVA

- Decreto 108/2017, do 2 de novembro, polo que se modifica o Decreto 70/2011, do 7 de abril, polo que se regulan a actividade industrial e a prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles e dos seus equipamentos e compoñentes.
- Decreto 70/2011, do 7 de abril, polo que se regula a actividade industrial e a prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles e dos seus equipamentos e compoñentes.

Todos os talleres teñen que ter un/unha responsable técnico/a que debe cumprir cos requisitos que se indican na lexislación antes indicada.

A Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación exige que se especifique quen é a persoa responsable técnica de taller na declaración responsable que se presenta no momento da inscrición do taller no rexistro de talleres de reparación de vehículos automóbiles. Neste mesmo documento debe declararse que a persoa responsable técnica de taller cumpre cos requisitos indicados na normativa.

A persoa responsable técnica deberá ter unha preparación que vai depender da/s rama/s de actividade/s que se desenvolvan nel (mecánica, electricidade e electrónica, carrozaría e pintura) ou da especialidade (pneumáticos, radiadores, equipamentos de inxección, cristais e parabrisas, dispositivos de remolcar, tacógrafos, limitadores de velocidade, aire acondicionado e climatización, autorradios e equipamentos de comunicación).

Esta normativa tamén é aplicable aos talleres de ciclomotores e motocicletas, vehículos todoterreo e outros vehículos de pouca cilindrada de tres ou catro rodas, así como a talleres especializados en realizar traballos con pneumáticos, radiadores, equipamentos de inxección, cristais e parabrisas, dispositivos de remolcar ata un peso máximo de 3.500 kg, tacógrafos e limitadores de velocidade.

ACREDITACIÓN DA PREPARACIÓN E IDONEIDADE DA PERSOA RESPONSABLE TÉCNICA

A acreditación da preparación e idoneidade desta persoa responsable técnica efectuarase mediante calquera das seguintes formas:

- Dispoñer dun título universitario cuxo plan de estudos cubra as materias obxecto da actividade que se vai desenvolver no taller.
- Dispoñer dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións profesionais, cuxo ámbito competencial coincida coas materias obxecto da actividade que se vai desenvolver no taller.
- Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias obxecto da actividade que se vai desenvolver no taller.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

O anexo I da Instrución 4/2015, do 23 de decembro, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se establecen os títulos de formación profesional, os certificados de profesionalidade e as unidades de competencia que permiten acreditar a preparación e idoneidade dun responsable técnico/a de taller.

RAMA DE MECÁNICA

TÍTULOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

- Electromecánica de Vehículos Automóviles (LOE)
- Técnico/a en Electromecánica de Vehículos (LOXSE)
- Técnico/a auxiliar en Mecánica do Automóvil, rama de Automoción (LXE)
- Técnico/a auxiliar Mecánico do Automóvil, rama Automoción (LXE)
- Técnico/a auxiliar Mecánico e Electricista de Motocicletas, rama Automoción (LXE)
- Electromecánica de Maquinaria (LOE)
- Técnico/a superior en Automoción (LOE)
- Técnico/a superior en Automoción (LOXSE)
- Técnico/a especialista en Mecánica e Electricidade do Automóvil, rama Automoción (LXE)
- Técnico/a especialista en Automoción, rama Automoción (LXE)
- Técnico/a especialista en Mantemento de Máquinas e Equipamentos de Construción e Obras, rama Construción e Obras (LXE)

CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

- TMVG0409 Mantemento do motor e os seus sistemas auxiliares + TMVG0309 Mantemento de sistemas de transmisión de forza e trens de rodaxe de vehículos automóbiles
- TMVG0210 Mantemento de sistemas de rodaxe e transmisión de maquinaria, agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil, os seus equipamentos e apeiros + TMVG0310 Mantemento do motor e dos sistemas eléctricos, de seguridade e confortabilidade de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil + UC0132_2 Manter o motor térmico
- TMVG0110 Planificación e control da área de electromecánica + TMVL0609 Planificación e control da área de carrozaría
- TMVE10 Mecánico de vehículos lixeiros
- TMVE50 Técnico/a en diagnose de vehículos

UNIDADES DE COMPETENCIA

- UC0139_3 Planificar os procesos de reparación dos sistemas de transmisión de forza e trens de rodaxe, controlando a súa execución + UC0140_3 Planificar os procesos de reparación dos motores térmicos e dos seus sistemas auxiliares controlando a súa execución + UC0134_3 Planificar os procesos de reparación de elementos amovibles e fixos non estruturais, controlando a execución destes + UC0135_3 Planificar os procesos de reparación de estruturas de vehículos, controlando a execución destes.

RAMA DE ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA

TÍTULOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

- Electromecánica de Vehículos Automóviles (LOE)
- Técnico/a en Electromecánica de Vehículos (LOXSE)
- Técnico/a auxiliar en Electricidade do Automóvil, rama de Automoción (LXE)
- Técnico/a auxiliar Mecánico e Electricista de Motocicletas, rama Automoción (LXE)
- Técnico/a auxiliar Mecánico do Automóvil, rama Automoción (LXE)
- Electromecánica de Maquinaria (LOE)
- Técnico/a superior en Automoción (LOE)
- Técnico/a superior en Automoción (LOXSE)
- Técnico/a especialista en Mecánica e Electricidade do Automóvil, rama Automoción (LXE)
- Técnico/a especialista en Automoción, rama Automoción (LXE)
- Técnico/a especialista en Mantemento de Máquinas e Equipamentos de Construción e Obras, rama Construción e Obras (LXE)

CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

- TMVG0209 Mantemento dos sistemas eléctricos e electrónicos de vehículos
- TMVG0310 Mantemento do motor e dos sistemas eléctricos, de seguridade e confortabilidade de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil
- TMVG0110 Planificación e control da área de electromecánica
- TMVE40 Electricista-electrónico de vehículos
- TMVE50 Técnico/a en diagnose de vehículo

UNIDADES DE COMPETENCIA

- UC0626_2 Manter os sistemas de carga e arranque de vehículos + UC0627_2 Manter os circuitos eléctricos auxiliares de vehículos
- UC0853_3 Manter os sistemas eléctricos, de seguridade e confortabilidade, de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil
- UC0138_3 Planificar os procesos de reparación dos sistemas eléctricos, electrónicos, de seguridade e confortabilidade, controlando a súa execución

RAMA DE CARROZARÍAS

TÍTULOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

- Técnico/a en Carrozaría (LOE)
- Técnico/a en Carrozaría (LOXSE)
- Técnico/a auxiliar Chapa e Pintura (metal) (LXE)
- Técnico/a auxiliar Carrozaría do Automóvil (Automoción) (LXE)
- Técnico/a auxiliar Carrozaría (Automoción) (LXE)
- Técnico/a auxiliar Chapa e Pintura de Vehículos (Automoción) (LXE)

CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

- TMVL0309 Mantemento de estruturas de carrozarías de vehículos + TMVL0209 Mantemento de elementos non estruturais de carrozarías de vehículos
- TMVL0609 Planificación e control da área de carrozaría
- TMVH10 Chapista-pintor de vehículos

UNIDADES DE COMPETENCIA

- UC0134_3 Planificar os procesos de reparación de elementos amovibles e fixos non estruturais, controlando a execución destes + UC0135_3 Planificar os procesos de reparación de estruturas de vehículos, controlando a execución destes + UC0136_3 Planificar os procesos de protección, preparación e embelecemento de superficies, controlando a execución destes

RAMA DE PINTURA

TÍTULOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

- Técnico/a en Carrozaría (LOE)
- Técnico/a en Carrozaría (LOXSE)
- Técnico/a auxiliar Chapa e Pintura (Metal) (LXE)
- Técnico/a auxiliar Chapa e Pintura de Vehículos (Automoción) (LXE)
- Técnico/a auxiliar Chapista do Automóvil (Metal) (LXE)
- Técnico/a superior en Automoción (LOE)
- Técnico/a superior en Automoción (LOXSE)
- Técnico/a especialista en Automoción, rama Automoción (LXE)
- Técnico/a especialista en Mantemento de Máquinas e Equipamentos de Construción e Obras, rama Construción e Obras (LXE)

CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

- TMVL0509 Pintura de vehículos
- TMVL0609 Planificación e control da área de carrozaría
- TMVH10 Chapista-pintor de vehículos

UNIDADES DE COMPETENCIA

- UC0136_3 Planificar os procesos de protección, preparación e embelecemento de superficies, controlando a execución destes

ESPECIALIDADE PNEUMÁTICOS

TÍTULOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

- Electromecánica de Vehículos Automóviles (LOE)
- Técnico/a en Electromecánica de Vehículos (LOXSE)
- Técnico/a auxiliar en Mecánica do Automóvil, rama de Automoción (LXE)
- Técnico/a auxiliar Mecánico do Automóvil, rama Automoción (LXE)
- Técnico/a auxiliar Mecánico e Electricista de Motocicletas, rama Automoción (LXE)
- Electromecánica de Maquinaria (LOE)
- Técnico/a superior en Automoción (LOE)
- Técnico/a superior en Automoción (LOXSE)
- Técnico/a especialista en Mecánica e Electricidade do Automóvil, rama Automoción (LXE)
- Técnico/a especialista en Automoción, rama Automoción (LXE)
- Técnico/a especialista en Mantemento de Máquinas e Equipamentos de Construción e Obras, rama Construción e Obras (LXE)

CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

- TMVG0309 Mantemento de sistemas de transmisión de forza e trens de rodaxe de vehículos automóbiles
- TMVG0210 Mantemento de sistemas de rodaxe e transmisión de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil, os seus equipamentos e apeiros
- TMVG0110 Planificación e control da área de electromecánica
- TMVE50 Técnico/a en diagnose de vehículos
- TMVE10 Mecánico de vehículos lixeiros

UNIDADES DE COMPETENCIA

- UC0130_2 Manter os sistemas hidráulicos e pneumáticos, dirección e suspensión
- UC0849_2 Manter os sistemas de dirección e suspensión de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil
- UC0139_3 Planificar os procesos de reparación dos sistemas de transmisión de forza e trens de rodaxe, controlando a execución destes

ESPECIALIDADE RADIADORES

TÍTULOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

- Electromecánica de Vehículos Automóviles (LOE)
- Técnico/a en Electromecánica de Vehículos (LOXSE)
- Técnico/a auxiliar en Mecánica do Automóvil, rama de Automoción (LXE)
- Técnico/a auxiliar Mecánico do Automóvil, rama Automoción (LXE)
- Técnico/a auxiliar Mecánico e Electricista de Motocicletas, rama Automoción (LXE)
- Electromecánica de Maquinaria (LOE)
- Técnico/a superior en Automoción (LOE)

CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

- TMVG0409 Mantemento do motor e os seus sistemas auxiliares
- TMVG0310 Mantemento do motor e dos sistemas eléctricos, de seguridade e confortabilidade de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil
- TMVG0110 Planificación e control da área de electromecánica
- TMVE50 Técnico/a en diagnose de vehículos
- TMVE10 Mecánico de vehículos lixeiros

UNIDADES DE COMPETENCIA

- UC0132_2 Manter o motor térmico
- UC0629_2 Manter motores diésel
- UC0140_3 Planificar os procesos de reparación dos motores térmicos e os seus sistemas auxiliares controlando a execución destes

ESPECIALIDADE EQUIPAMENTOS DE INXECCIÓN

TÍTULOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

- Electromecánica de Vehículos Automóviles (LOE)
- Técnico/a en Electromecánica de Vehículos (LOXSE)
Técnico/a auxiliar en Mecánica do Automóvil, rama de Automoción (LXE)
- Técnico/a auxiliar Mecánico do Automóvil, rama Automoción (LXE)
- Técnico/a auxiliar Mecánico e Electricista de Motocicletas, rama Automoción (LXE)
- Electromecánica de Maquinaria (LOE)
- Técnico/a superior en Automoción (LOE)
- Técnico/a superior en Automoción (LOXSE)
- Técnico/a especialista en Mecánica e Electricidade do Automóvil, rama Automoción (LXE)
- Técnico/a especialista en Automoción, rama Automoción (LXE)
- Técnico/a especialista en Mantemento de Máquinas e Equipamentos de Construción e Obras, rama Construción e Obras (LXE)

CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

- TMVG0409 Mantemento do motor e os seus sistemas auxiliares
- TMVG0310 Mantemento do motor e dos sistemas eléctricos, de seguridade e confortabilidade de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil
- TMVG0110 Planificación e control da área de electromecánica
- TMVE50 Técnico/a en diagnose de vehículos
- TMVE10 Mecánico de vehículos lixeiros

UNIDADES DE COMPETENCIA

- UC0133_2 Manter os sistemas auxiliares de motor térmico
- UC0629_2 Manter motores diésel
- UC0140_3 Planificar os procesos de reparación dos motores térmicos e os seus sistemas auxiliares controlando a execución destes.

ESPECIALIDADE DISPOSITIVOS DE REMOLCAR

TÍTULOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

- Electromecánica de Vehículos Automóviles (LOE)
- Técnico/a en Electromecánica de Vehículos (LOXSE)
- Técnico/a auxiliar en Mecánica do Automóvil, rama de Automoción (LXE)
- Técnico/a auxiliar Mecánico e Electricista de Motocicletas, rama Automoción (LXE)
- Técnico/a auxiliar en Electricidade do Automóvil, rama Automoción (LXE)
- Técnico/a superior en Automoción (LOE)
- Técnico/a superior en Automoción (LOXSE)
- Técnico/a especialista en Automoción, rama Automoción (LXE)
- Técnico/a especialista en Mecánica e Electricidade do Automóvil, rama Automoción (LXE)
- Técnico/a especialista en Mantemento de Máquinas e Equipamentos de Construción e Obras, rama Construción e Obras (LXE)
- Electromecánica de Maquinaria (LOE)

CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

- TMVL0309 Mantemento de elementos non estruturais de carrozarías de vehículos +TMVG0209 Mantemento dos sistemas eléctricos e electrónicos de vehículos
- TMVL0609 Planificación e control da área de carrozaría + TMVG0110 Planificación e control da área de electromecánica
- TMVG0210_2 Mantemento de sistemas de rodaxe e transmisión de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil, os seus equipamentos e apeiros + TMVG0310 Mantemento do motor e dos sistemas eléctricos, de seguridade e confortabilidade de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil
- TMVH10 Chapista pintor de vehículos + TMVE40 Electricista/electrónico de vehículos

UNIDADES DE COMPETENCIA

- UC0127_2 Substituír e/ou reparar elementos amovibles dun vehículo + UC0627_2 Manter os circuitos eléctricos auxiliares de vehículos
- UC0134_3 Planificar os procesos de reparación de elementos amovibles e fixos non estruturais, controlando a execución destes + UC0138_3 Planificar os procesos de reparación dos sistemas eléctricos, electrónicos de seguridade e confortabilidade, controlando a execución destes
- UC0852_2 Montar e manter equipamentos e apeiros de maquinaria agrícola de industrias extractivas e de edificación e obra civil + UC0853_3 Manter os sistemas eléctricos, de seguridade e confortabilidade, de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil

ESPECIALIDADE CRISTAIS E PARABRISAS

TÍTULOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

- Electromecánica de Vehículos Automóviles (LOE)
- Técnico/a en Electromecánica de Vehículos (LOXSE)
- Técnico/a auxiliar en Mecánica do Automóvil, rama de Automoción (LXE)
- Técnico/a auxiliar Mecánico e Electricista de Motocicletas, rama Automoción (LXE)
- Técnico/a en Carrozaría (LOE)
Técnico/a en Carrozaría (LOXSE)
- Técnico/a auxiliar Chapa e Pintura de Vehículos (Automoción) (LXE)
- Técnico/a auxiliar Chapista do Automóvil (Metal) (LXE)
- Electromecánica de Maquinaria (LOE)
- Técnico/a superior en Automoción (LOE)
- Técnico/a superior en Automoción (LOXSE)
- Técnico/a especialista en Automoción, rama Automoción (LXE)
- Técnico/a especialista en Mantemento de Máquinas e Equipamentos de Construción e Obras, rama Construción e Obras (LXE)

CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

- TMVL0209 Mantemento de elementos non estruturais de carrozarías de vehículo
- TMVL0609 Planificación e control da área de carrozaría
- TMVH10 Chapista pintor de vehículos

UNIDADES DE COMPETENCIA

- UC0127_2 Substituír e/ou reparar elementos amovibles dun vehículo
- UC0134_3 Planificar os procesos de reparación de elementos amovibles e fixos non estruturais, controlando a execución destes

Este documento é redactado, con fins meramente informativos, pola Vicesecretaría Xeral de Apoio á Empresa, da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a modo de consulta e simplificación da normativa aplicable, polo que o seu contido non é vinculante.

Toda a información presente neste catálogo está recollida da lexislación vixente no momento da súa publicación, e debe ser interpretada sempre a teor dela, polo que o catálogo é un documento suxeito a continua evolución.

